

O IES da Fonsagrada dedicará unha semana á ciencia, con talleres e itinerarios científicos

C. López

LUGO Coa finalidade de desmitificar a ciencia e de facer desta algo próximo e comprensible para todos e non só un conxunto máis ou menos abstracto de hipóteses, fórmulas e ecuacións, un grupo de catro profesores de Física e Química e de Tecnoloxía de distintos institutos coruñeses está a desenvolver por distintos centros de ensino secundario de Galicia unha nova experiencia: «A maxia da ciencia», que se desenvolverá do 5 ao 9 de novembro no instituto Fontem A.bei da Fonsagrada.

Pero isto non será todo, xa que, como sinala Constantino Álvarez Muíña, un dos profesores participantes, «pretendemos achegar este acontecemento científico aos alumnos dunha zona rural que, dada a súa lonxanía das grandes cidades, teñen poucas oportunidades de ver este tipo de actuacións. Por outra banda queremos mostrarlles aos alumnos do resto de Galicia, especialmente os das zonas urbanas, a gran riqueza biolóxica, xeolóxica, paisaxística e etnográfica da comarca fonsagradina.

Así pois, as actividades a levar a cabo divídense en dúas partes, por unha banda, os obradoiros-exhibición, onde se presentan unha serie de prácticas espectaculares de física e química, acompañadas das explicacións teóricas dos procesos físicos e químicos que teñen lugar, por parte dos catro profesores. Estas prácticas están destinadas a alumnos de primeiro e segundo de bacharelato de Ciencias de toda Galicia e para alumnos da ESO da zona da Fonsagrada e dos concellos limítrofes de Asturias. Haberá dúas sesións diarias de hora e media cada unha durante os cinco días da Semana da Ciencia. En cada sesión poderán participar un máximo de 40 alumnos, acompañados dos seus respectivos profesores.

#### Rutas e visitas guiadas

A outra parte da actividade son os itinerarios científicos, que inclúen visitas guiadas ao parque eólico de Cerredo, aos museos etnográficos da Fonsagrada e de Grandas de Salime, a un mazo e a un muíño de gran, á central hidroeléctrica de Grandas de Salime e ao castro desta mesma localidade e ao seu museo. Haberá ademais rutas de senderismo do Concello de A Fonsagrada con guía especializado: a de Tres Bispos, a de Tresvilar e a das ferrerías.

PABLO RAMIL REGO

DIRECTOR DO INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL (IBADER)

## «Hai áreas de Lugo de gran interese para estudar o cambio climático»

A día de hoxe, as turbeiras da zona do Xistral e certos depósitos da costa lucense son os rexistros máis fiables para analizar a variación do clima ao longo dos últimos milenios

Cristina López

LUGO O director do único instituto de investigación do campus lugués fala de cambios, non só climáticos, senón tamén de ubicación, xa que a reforma da Casa da Granxa vai permitir que este centro dispoña dunha sede propia nun prazo de dous ou tres anos.

—En materia de formación, ¿cara a onde esta orientada a actual oferta do Ibader?

—Na nosa liña de continua colaboración cos Concellos e con outras institucións, esta fin de semana estamos a participar en Mondoñedo nun debate sobre a Rede Natura, tratando de difundir que é, e cales son os seus retos e necesidades. Esta sería a última actividade prevista para este ano. En canto ás do 2008, agás o curso de experto en xestión de residuos xerados nas explotacións agrogandeiras e nas industrias agrarias de transformación, que vai pola terceira edición, o resto de accións formativas están en fase de programación, entre elas unhas xornadas referidas ás Reservas da Biosfera, das que xa hai tres na provincia e ademais cremos que hai inquantidade por estes temas.

—¿O labor de investigación tamén é igual de abondoso?

—O certo é que hai bastantes proxectos en marcha, tanto en aspectos de ámbito forestal, mellora da capacidade produtiva e valoración dos tipos de solo, como en xestión de residuos gandeiros e agrícolas —un tema que ten cada vez máis importancia—

e tamén na planificación do territorio, tanto dende un planteamento produtivo como de xestión ambiental.

—O cambio climático está ultimamente moi de moda, ¿é este un tema que se está a estudar no Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural?

—O Ibader ten traballos sobre o tema. Hai un proxecto de investigación nacional, que é unha continuidade doutro anterior, de análise do cambio climático. Nese sentido, tanto o que son as turbeiras da zona do Xistral coma certos depósitos que existen na costa da provincia de Lugo son a día de hoxe os rexistros máis longos e de maior fiabilidade para estudar a variación do clima ao longo dos últimos milenios. Nós temos agora un proxecto para valorar máis en detalle a dinámica recente dos últimos 200 ou 300 anos e co que imos traballar é cos rexistros das turbeiras. Trátase dun proxecto xunto da Universidade de Santiago e da de Vigo.

—¿Teñen xa datos ou resultados que se poidan ir avanzando?

—O que podemos dicir é que hai cambio climático. Está aí dende hai anos, aínda que agora ten máis repercusión mediática e incluso política. En calquera caso, o importante é que hai áreas de Lugo que teñen gran interese para eses estudos. Son moi sensibles aos cambios. Os ecosistemas que hai alí permiten estudar cal é a dinámica; prever incluso



Ramil dirige o único instituto de investigación do campus lugués. (X. NOVO)

a súa evolución a curto e medio prazo e comparala con outras áreas de Inglaterra, do norte de Europa e da zona mediterránea. Aínda que pareza estraño, localidades da costa de Lugo, como Arealonga en Foz e as zonas do Xistral aparecen frecuentemente en moitas publicacións sobre o cambio climático a nivel internacional. Isto é algo que os políticos locais nin valoran, nin coñecen, nin se dan conta dese tipo de información. Pásalles desapercibida ata que aparece nos

medios de comunicación ou sae algún informe.

—¿Como afectará ao funcionamento do Ibader o feito de dispoñer dunha sede propia?

—A dinámica do instituto vai cambiar, porque hai cousas que non podemos facer porque non temos sede propia. Este feito imposibilita, por exemplo, organizar eventos. Tendo unha sede, iso resulta máis fácil e tamén reduce custos, como o de estar alugando unha sede que non é túa. Ademais, vai permitir desenvolver certo tipo de investigacións. Por outra banda, nós temos a idea de montar un Centro de documentación sobre información do medio rural de Galicia, que nas actuais instalacións é imposible. A iso hai que engadir que temos infraestruturas científicas, adquiridas a través de proxectos coa Unión Europea, que son propiedade do Ibader e que están noutras instalacións, en ubicacións temporais, e iso dificulta tanto o seu uso coma o traballo diario dos investigadores.

—¿Como vería que a Confederación Hidrográfica do Miño se ubicase en Lugo?

—Para empezar, parécenos ben que haxa unha Confederación Hidrográfica do Miño. Onde a ubiquen os políticos xa non é cousa nosa, nin nos van preguntar. Como lugués preferiría que estivese en Lugo, pero imaxino que os de Ourense dirán o mesmo con respecto a posible ubicación na súa cidade.

## «O Cetal e a estación biolóxica do Courel estanse a facer sen ter en conta aos investigadores do campus»

A transformación da Aula de Produtos Lácteos nun centro tecnolóxico deste sector, así como a posta en marcha do Cetal son asuntos aos que o director do Ibader non permanece alleo. «Apoiar á Aula Láctea paréceme ben porque ten unha traxectoria longa de investigación e de traballo. A súa transformación en centro tecnolóxico debe ser unha necesidade e unha aposta de futuro, que ademais está moi ben respaldada».

—¿Opina o mesmo do Centro Tecnolóxico e Agroalimentario?

—Do Cetal, a única información que teño é polos periódicos. É triste e lamentable, pero é así. A única información que nos chega aos centros do

campus de Lugo é a que dan os medios de comunicación. Desde unha perspectiva científica ou técnica enterámonos do que se fai pola prensa. Non hai outra información. Pasa o mesmo coa estación biolóxica do Courel, que se está a facer sen ter en conta aos investigadores do campus de Lugo. Se se pon en marcha dunha vez e se empeza a funcionar como centro de investigación ou centro tecnolóxico, o Cetal podería ser un bo instrumento. A día de hoxe está máis nun ámbito político.

—¿Que repercusións poden ter estes centros no campus de Lugo?

—Aquí, o que pode pasar é que haxa moitos centros, mal organizados, e co mesmo presuposto,

e iso é unha mala solución. Habería que empezar a reestruturar, organizar e integrar os esforzos que hai e a xente que hai, e intentar plantexar as cousas dunha maneira moito máis lóxica. Ás veces vemos que son iniciativas puntuais —maí ou menos grandes, máis ou menos publicitadas—, pero que detrás delas non existe máis ca ese pulo que sae na prensa. Esperemos que o Centro Tecnolóxico e Agroalimentario non sexa así e sexa unha realidade.

O alcalde de Lugo anunciou recentemente a celebración no mes de decembro dunhas xornadas sobre os cometidos do Cetal. Nelas os investigadores do campus poderán coñecer algo máis deste centro.